



## CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DE DESTINOS PROVISIONAIS – CADP 2020

**- PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES:** Do 30 de xuño ata o 20 de xullo.

### **- SOLICITUDES:**

- As solicitudes poderán cubrirse na páxina web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, <http://www.edu.xunta.es/cadp> e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, segundo o artigo 14 da Orde do 7 de xuño de 2018.

- Aquelas persoas que estando obrigadas non presenten unha solicitude, entenderase que se acollen á validez da formulada para o curso académico 2018/19 ou 2019/20, de conformidade co establecido no artigo 21 da citada Orde do 7 de xuño de 2018.

### **- PUBLICACIÓN PARTICIPANTES CADP:**

A data da publicación das relacións provisionais de persoal que ten dereito a participar na adxudicación de destinos, por lista única cando proceda, e por especialidades e orde de prioridade, será na dirección de internet [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) o día 30 de xuño .

Publicadas as relacións de persoal, abrírase un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva do persoal docente que ten dereito a participar.

A data previsible da publicación da lista definitiva é o 24 de xullo de 2020.

### **- RESOLUCIÓN PROVISIONAIS:**

MESTRES: data previsible **27 DE XULLO** (reclamacións/renuncias 2 días hábiles)

SECUNDARIA E OUTROS CORPOS: data previsible **31 DE XULLO** (reclamacións/renuncias ata o día 3 de setembro)

### **- RENUNCIAS A RESOLUCIÓN PROVISIONAL:**

- A renuncia a adxudicación provisional deberá realizarse no prazo de reclamacións á resolución provisional, e aínda que non se obtivese destino nesta, pois iso non supón que non se poida obter na resolución definitiva.



## - ADXUDICACIÓN DEFINITIVAS:

MESTRES: **31 de XULLO**

SECUNDARIA E OUTROS CORPOS: **10 DE SETEMBRO**

## - RESTRICCIÓN DE PROVINCIA OU ZONA

- O persoal docente interino e substituto que non obteña praza na adxudicación poderá acollerse a prestar servizos como persoal docente interino ou substituto nunha ou varias provincias (así como en determinados concellos se as circunstancias llo permitisen) na páxina [www.edu.xunta.es/substitutos](http://www.edu.xunta.es/substitutos) no prazo do **16 de xullo ao 17 de agosto.**

## - TOMA DE POSESIÓN:

O persoal funcionario do corpo de mestres tomará posesión no centro educativo de destino con efectividade do 1 de setembro do ano correspondente.

O persoal funcionario dos restantes corpos tomará posesión tamén no centro educativo de destino e incorporárase con efectividade económica e administrativa da data fixada para o inicio da impartición efectiva das clases, agás no suposto de que o nomeamento ou toma de posesión se efectúe con posterioridade.

### DATAS E PRAZOS DO CONCURSO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

PRAZO PARTICIPACIÓN	Dende o 30 de xuño ata o 20 de xullo
PUBLICACIÓN LISTAS PROVISIONAIS DE PARTICIPANTES	Provisional: 30 de xuño
RECLAMACIÓNS CONTRA AS RELACIÓNS DE PERSOAL CON DEREITO A PARTICIPAR	5 días hábiles desde a publicación das mesmas
PUBLICACIÓN LISTAS DEFINITIVAS DE PARTICIPANTES	Definitiva: 24 de xullo
RESOLUCIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL	Mestres: 27 de xullo Secundaria e outros Corpos: 31 de xullo
RENUNCIAS E RECLAMACIÓNS	Mestres: 2 días hábiles Secundaria e outros Corpos: ata o 3 de setembro
RESOLUCIÓN DEFINITIVA	Mestres: 31 de xullo Secundaria e outros Corpos: 10 de setembro
RESTRICCIÓN DE PROVINCIA OU ZONA	Do 16 de xullo ao 17 de agosto
TOMA DE POSESIÓN COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA*	Todos os Corpos: 1 de setembro de 2020

A CORUÑA <a href="mailto:ense15@csif.es">ense15@csif.es</a> Rúa Bugallal Marchesi nº 5 Entrechán Derch 15008 981 134113 / Fax: 981060324	SANTIAGO <a href="mailto:ense77@csif.es">ense77@csif.es</a> Rúa do Valiño nº 65 Baixo 15707 981 560951 / Fax: 981575140	LUGO <a href="mailto:ense27@csif.es">ense27@csif.es</a> Rúa Conde nº 2 Baixo Posterior 27003 982 250169 / Fax: 982 245521	OURENSE <a href="mailto:ense32@csif.es">ense32@csif.es</a> Rúa Progreso nº 145 Entrechán 32003 988 241111 / Fax: 988 213538	PONTEVEDRA <a href="mailto:ensino36@csif.es">ensino36@csif.es</a> Rúa Marqués de Riestra nº 18 Entrechán 36001 986 896900 / Fax: 986 896901
---	--	--	--	--